



Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se declara vacante unha (1) praza na convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de POLIQUETOS no permiso de explotación de embarcación ao abeiro do plan de xestión para o recurso específico poliquetos, a pé, mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, da confraría de pescadores de Muxía

Antecedentes

1. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024. (DOG Núm. 251, de 31.12.2021).
2. De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión para o recurso específico Poliquetos (PE410A 2021/40-1), modalidade a pé, mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, da confraría de pescadores de Muxía (en diante a entidade) estableceuse para a modalidade a flote un número máximo de 3 embarcacións cun máximo de 3 habilitacións por embarcación (9 habilitacións en total).
3. O 18.02.2022, esta xefatura territorial remitiu á entidade información para o inicio da convocatoria do proceso selectivo ao abeiro do plan de xestión aprobado para que presentasen as observacións que considerasen oportunas no prazo de 3 días hábiles. Na mesma data, a entidade indicou a súa conformidade á proposta realizada.
4. O 03.03.2022 esta xefatura territorial ditou a resolución pola que se convocou o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de poliquetos a tres (3) embarcacións e nove (9) cotas para mergulladores, cun máximo de tres (3) e un mínimo de dúas (2) cotas para mergulladores por embarcación, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de poliquetos da confraría de pescadores de Muxía e estableceu un prazo de 15 días hábiles para a presentación das solicitudes.
5. O 05.05.2022 esta xefatura territorial ditou resolución pola que se publicaba a lista provisional das embarcacións admitidas ao proceso e a lista definitiva de embarcacións excluídas así como as causas da súa exclusión.
6. O 20.05.2022 esta xefatura territorial ditou resolución pola que se publicou a lista definitiva das embarcacións seleccionadas na convocatoria do proceso selectivo, outorgando un prazo de quince (15) días hábiles para que as embarcacións seleccionadas presentaran a documentación requirida. O número de embarcacións participantes admitidas e seleccionadas (2) foi inferior ao número de prazas convocadas (3) para o outorgamento da modalidade.



Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.
3. Pola resolución do 03.03.2022 convocouse o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de poliuetos a tres (3) embarcacións e nove (9) cotas para mergulladores, cun máximo de tres (3) e un mínimo de dúas (2) cotas para mergulladores por embarcación, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de poliuetos da confraría de pescadores de Muxía.
2. A resolución do 20.05.2022 pola que se publicou a lista definitiva seleccionou ás dúas (2) embarcacións presentadas para obter a modalidade de poliuetos. Transcorrido o prazo para a presentación da documentación correspondente e cumpridos os requisitos esixidos, outorgóuselles a modalidade de poliuetos coa asignación de 3 cotas para mergulladores no permiso de explotación a cada embarcación.
4. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

Declarar vacante unha (1) praza para a obtención da modalidade de POLIQUETOS no permiso de explotación de embarcación e 3 cotas para mergullador/a ao abeiro do plan de xestión para o recurso específico poliuetos, a pé, mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, da confraría de pescadores de Muxía.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial de A Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Muxía.

Contra esta resolución, que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Consellería do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Muxía, como entidade titular do plan de xestión, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura electrónica)

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal

